



Primeiro Ciclo Primaria
Día das letras galegas 2013

Grupo de Trabajo

«Vidal Bolaño na rede.»

Actividades con tics para infantil e primaria»

Andrés Losada, Rosa María
Barca Gómez, Marta
Gallego Revaldería, Xulio
Guimarey Cedeira, Vanessa
Hortas González, Isabel
Magalhaes Alonso, Laura
Pedrosa Moreno, Julio
Pena Sánchez, Iván
Suárez Hermida, Mario Ramón
Vidal Bariego, Laura

Grupo de Trabajo

«Lingua e teatro.»

Vidal Bolaño no Día das Letras Galegas»

Aguilar Amigo, María Luísa
Barca Gómez, María
Félix Cedeira, María del Carmen
Guimarey Cedeira, Eva Raquel
Herrero Mayor, Armando Xosé
Picado Rodríguez, José Antonio
Romero Olveira, María Fátima
Santiso Andrade, Paz
Souto Pereira, María Jesús
Vidal Dopazo, María José

Asesoría pedagóxica CEFORE A Coruña

Miguélez Pose, Isabel María
Sobrino Josenje, Santiago

Maquetación e deseño gráfico

Manolo Paz (www.edugaliza.org)


Colexios participantes

CEIP «W. Fernández Flórez», de Cambre
CEIP «Portofaro», de Cambre
CRA de Culleredo
CEIP «Torrente Ballester», de Sigrás-Cambre
CEIP «Montel Touzet», da Coruña
CEIP «Sal Lence», da Coruña
CEIP «Eusebio da Guarda», da Coruña
CEIP «Manuel Murguía», da Coruña
CEIP «Praia de Quenxe», de Corcubión
CEIP «Milladoiro», de Malpica de Bergantiños
CEIP «San Xosé Obreiro» de Meicende-Arteixo
CEIP de Portosín-Porto do Son
CEIP «Galán», de Oseiro-Arteixo

Á Real Academia Galega, á Universidade de Vigo, á Asociación Roberto Vidal Bolaño, a María Fernández, a Paco Guitián, a Carlos Gallego, a María Bao Fente e a todos aqueles que contribúen, anonimamente e desinteresadamente, á publicación destas actividades. Grazas pola vosa colaboración e xenerosidade.



Edita Seminario Permanente de Formación do
Profesorado do CEIP Galán de Oseiro-Arteixo (A Coruña)
<http://www.seminariogalan.org>





ROBERTO VIDAL BOLAÑO

Roberto Ignacio Vidal Bolaño naceu na cidade de Santiago de Compostela o ano 1950.

Os seus pais, Roberto e Carmen, aínda tiveron oito anos despois outra filla, María del Carmen.

Logo de estudar en varios colexios de Santiago, Roberto comezou a traballar moi novo e así, aos doce anos xa está en *Recambios Balsabas*, onde reparte, indo en bicicleta pola cidade, todo tipo de pezas para coches.

Despois de pasar por outros oficios consegue facer o que máis lle gustaba, teatro.

E traballa no teatro facendo de todo: decorador, iluminador, electricista, director, actor, autor, empresario...

Escribiu moitas obras de teatro en galego, algunhas dirixidas aos máis pequenos, como «*O xogadeiro*», escrita con menos de quince anos e que foi a súa primeira obra. Na única representación que fixeron, aos actores escapoulles unha gran pedra que afundi o escenario. O público aplaudiulles moito, pero as profesoras do colexio case os corren a paus.

Máis adiante escribiu outras obras infantís: «*Xáxara, Paniogas, Tarelo o Rapaz e o Cachamón ou como trocar en rato pequeno o meirande xigantón*» e «*Ruada das papas e do unto*».

Tamén dirixiu a compañía teatral Antroido, traballou no cine e na televisión e foi actor de dobraxe en máis de cincuenta películas. Pola súa defensa do idioma, da cultura e do teatro galego, a Real Academia Galega dédicalle o Día das Letras Galegas deste ano 2013.





QUE SABES DE ROBERTO?

1

Colorea da mesma cor a pregunta sobre Roberto e a súa resposta.

EN QUE CIDADE NACEU
ROBERTO?

BICICLETA

CAL ERA O NOME DE SEUS PAIS?

GALEGO

QUE VEHÍCULO UTILIZABA NUN DOS
SEUS PRIMEIROS TRABALLOS?

ROBERTO E CARMEN

CAL É O TÍTULO DA SÚA PRIMEIRA
OBRA DE TEATRO?

«O XOGADEIRO»

COMO SE CHAMABA A COMPAÑÍA
DE TEATRO QUE DIRIXIU?

ROBERTO VIDAL BOLAÑO

EN QUE IDIOMA ESCRIBÍA ROBER-
TO AS SÚAS OBRAS DE TEATRO?

SANTIAGO

QUEN ESCRIBIU A OBRA TEATRAL
«RUADA DAS PAPAS E DO UNTO»?



TEATRO ANTROIDO



QUE SABES DE ROBERTO?

2

Seguindo o código completa o título dunha obra de teatro escrita por Roberto Vidal. Escribeo.



TÍTULO

O SOL E A LÚA

O SOL: Din que ao primeiro, eu choraba ouro.


A LÚA: E eu prata.

O SOL: E que foi con ese ouro e con esa prata co que se fixeron tódolos tesouros.

A LÚA: Pero un día de tanto que choramos, esgotóusenos unha cousa e máis outra.

O SOL: E non tivemos máis remedio que rematar chorando o que todos.

OS DOUS: Auga!



TOUPORROUTOU DA LÚA E DO SOL
de ROBERTO VIDAL BOLAÑO

Que lembramos do texto?


3

1.- Que choraba ao principio o Sol?

2.- E que choraba a Lúa?

3.- Con que se fixeron todos os tesouros?

4.- Que choraron ao final o Sol e a Lúa?



A sopa de letras

4

Localiza nesta sopa de letras as sete palabras relacionadas coa escena do Sol e da Lúa.

P	E	X	L	Ú	A	T
R	T	G	H	R	U	I
A	O	U	R	A	Ñ	S
T	E	S	O	U	R	O
A	L	E	U	G	P	L
C	H	O	R	A	R	L
Z	R	U	O	E	I	B



OURO
PRATA
TESOURO
CHORAR
AUGA
SOL
LÚA

Encrucillado visual

5

1. SOL 2.-LÚA 3.-PRATA 4.-AUGA 5.-TESOURO 6.-OURO

Touporroutou a onde vas nena?

- O SOL: Touporroutou a onde vas nena?
A LÚA: Touporroutou a onde me peta.
O SOL: Touporroutou, e que vas buscar?
A LÚA: Touporroutou unha tega de sal.
O SOL: Touporroutou e para que é o sal?
A LÚA: Touporroutou para botar no caldo.
O SOL: Touporroutou e para que é o caldo?
A LÚA: Touporroutou para lles dar aos cregos.
O SOL: Touporroutou para que son os cregos?
A LÚA: Touporroutou para dicir a misa
O SOL: Touporroutou e para que é a misa?
A LÚA: Touporroutou para gañar o ceo.
O SOL: Touporroutou e para que é o ceo?
A LÚA: (*Prendada dos seus engados*) Touporroutou para estar nós nel.



TOUPORROUTOU DA LÚA E DO SOL
de ROBERTO VIDAL BOLAÑO

Facemos parellas?

6

Relaciona e dálle a mesma cor as preguntas e as respostas.

A onde vas nena?

E que vas buscar?


Para que é o sal?

Para que é o caldo?

Para que son os cregos?

Para que é a misa?

Para que é o ceo?



Para gañar o ceo.

Para dicir a misa.

Unha tega de sal.

Para lles dar aos cregos.

Para botar no caldo.

A onde me peta.

Para estar nós nel.

Que sabes do texto?

7

1.- Quen vai buscar á nena?


2.- Para quen é o caldo?

3.- Quen está no ceo?

A sopa de letras

8

Localiza nesta sopa de letras os nomes dos debuxos da dereita e esquerda. Escríbeos.



Que palabra falta?

9

Coloca a palabra que falta en cada recadro.





na nena misa Lúa caldo cregos sal ceo Sol buscar

A vai onde lle peta e vai unha
tega de para botar no para lle dar aos
 e que digan para gañar o
e estar o e a nel.

Onde vai cada un?

10

Relaciona cada debuxo coa parella que corresponde. Escribe os nomes.



Colorea e recorta o marcapáxinas coa caricatura de Roberto Vidal.

